Parroquias de Redondela

REBOREDA

Carlos Rodríguez



© do texto, Carlos Rodríguez
© das fotografías, Andrés Couñago Laxe
© do cadro, Ángel Barros

Edita: Servizo de Normalización Lingüística

Revisión lingüística: Xurxo Martínez González
Deseño e maquetación: David Rodríguez Rodríguez

Imprime: Imprenta Amador Pérez
Dep. Legal: VG 479-2021

Parroquias de Redondela

REBOREDA

Carlos Rodríguez

REBOREDA:
ESPAZOS DE PEDRA, MÚSICAS DE AUGA

Meu estimado lector e lectora,

neste pequeno caderno quero presentarche, como se dunha andaina se tratase, a parroquia de Reboreda: co seu río, cos seus espazos naturais e coas súas construcións en pedra antiga.

Reboreda é unha das trece parroquias que conforman o Concello de Redondela. Ten aproximadamente 2.800 habitantes, sendo das máis poboadas do municipio, nunha extensión de oito quilómetros cadrados, sendo tamén a máis extensa.

Se desexan subir até Reboreda dende Redondela teñen que tomara estrada P. 250 en

dirección ao Concello de Pazos de Borbén. Este camiño foi feito no andar inmemorial que servía de vía de comunicación entre a veciñanza das terras da montaña e o mar. A parroquia limita con Ventosela, Amoedo, Cepeda, Nespereira, Quintela, Vilavella, Redondela e Cesantes. Tería como figura xeométrica un gran círculo no medio de todas elas, coma un punto significativo na cartografía desta comarca.

Antigamente, e territorialmente falando, Reboreda era moito máis grande. Pero as vicisitudes da historia provocou a redución. Por dúas veces padeceu desmembracións do seu corpo terreal. A primeira acontece en 1784, cando se deslinda e se constitúe como parroquia independente San Martiño de Ventosela cos seus dous barrios (Vilar do Mato e Castiñeira). Esta parroquia sempre fora até esa data un anexo de Reboreda. A segunda partición acontece en 1890, cando nesta data Reboreda perde a súa saída ao mar, "casas e ruas designadas pola rua de Alfonso XII (rua do medio), ruas del rivero, rua do val" todo o que hoxe son "Os Eidos", pasan a formar parte da Vila Nova (Redondela). Os motivos destas disgregacións foron as grandes distancias que os parroquianos tiñan que percorrer para chegar á Igrexa.

San Simón dende Reboreda

Así as cousas, na actualidade a parroquia está composta polos seguintes barrios: Asnelle de Abaixo, Asnelle de Arriba, Santo Paio de Abaixo, Santo Paio de Arriba e A Quintana. Dentro destes barrios existen lugares que polas súas particularidades específicas gardan unha toponimia

propia que se perde nas orixes dos tempos (Aveal, Garonda, Tarrastal, Torrade, Río de San…).

En Reboreda as músicas de auga veñen tecidas polo río Alvedosa (antes Toraz) que nace no barrio da Masusán (o "Barrio Escuro") na limítrofe de Amoedo e atravesa as terras da nosa parroquia até mesturarse co río Maceiras en Redondela. O Alvedosa é un río de abundante caudal no inverno pero no verán pódese facer unha boa camiñada polas súas beiras. O río foi noutros tempos un centro de vida e de economía parroquial, que xiraba arredor duns dezaseis muíños espallados polas súas ribeiras. Uns eran de herdeiros e outros de propietarios. Estes últimos son os que aínda se conservan.

O muíño era un deses espazos de socialización, de trato, que axudaban a crear parroquia. Se facemos un percorrido polas marxes do río dende os lindes co Concello de Pazos de Borbén, atopamos o muíño do Rachón, que se conserva completo pero sen uso, un bo lugar para escoitar o bruír da auga. Río abaixo podemos visitar os petróglifos que datan da Idade de Bronce. Ao longo do seu cauce conta con varias pontes: a primeira delas é a Ponte de San Garrido. Unha vez que a cruzamos,

deixamos o monte comunal e entramos no barrio de Asnelle de Arriba. Aquí, no lugar do Cadaval, atopamos o muíño das Xastras. É un conxunto de muíños reconstruídos e en perfecto estado. Neste fermoso entorno un grupo de mozos veñen organizando dende o ano 2006 un certame de música. Ano tras ano o "Arrastro Rock" medraba en popularidade. Arte musical de bandas da terra nun ambiente e espazo natural privilexiado.

Asnelle de Arriba medrou na marxe dereita seguindo as augas do Alvedosa cara ao mar. Nese percorrido voltamos atopar con outra ponte, a do Manoel, e á súa beira cun muíño do que se conserva a estrutura da casa vivenda.

No descenso chegamos a Ponte do Raxado. Aquí atopámonos con dous muíños máis que se conservan en propiedades privadas. Dende a ponte podemos ver o primeiro depósito que se construíu para abastecer de auga o centro da vila, xunto coa fonte de Raxado e o lavadoiro, outro dos espazos de socialización hoxe sen uso.

O Alvedosa segue o seu fluír incansable pasando á beira do Centro Labrego Cultural da parroquia, antes casa do Sindicato Labrego ou Sociedade Agrícola constituído no ano 1910 co nome de

“La Redentora”. No ano 1933 constrúese a casa. Eran tempos de guerra “cainita” e xa co inicio da contenda bélica foi incautada pasando a engrosar os bens dos falanxistas. Posteriormente será mercada polo Concello no ano 1955 para destinala a colexio de nenas. Na década dos 60 pasa por unha fase de total abandono. Alguén soñou neses anos en convertela en gardaría infantil.

Sociedade Labrego Cultural de Reboreda

Se seguimos descendendo polo río, na súa marxe dereita entramos no barrio de Asnelle de

Abaixo. Na marxe esquerda atopamos o muíño da Ponte. El será a nosa seguinte parada.

Este muíño era propiedade dos señores de Reboreda. En realidade case toda Reboreda era propiedade deles. Por diante da porta dese muíño pasaba o camiño que levaba á Igrexa, xa que non existía a ponte de Mariano que se atopa uns metros máis abaixo. Este muíño foi reconstruído e transformado nunha tapería conservando certos elementos no seu interior.

Na beira da estrada está situado o Cruceiro da Carretera. As figuras superiores deste cruceiro son relativamente modernas pois datan do ano 1955, e foi mercado en Ponteareas. Con probabilidade o fuste e as ánimas, estas últimas perdidas e substituídas por azulexos con figuras policromadas, pertenceron a un cruceiro máis antigo.

No conxunto parroquial, xunto co anteriormente descrito, Reboreda conta con nove cruceiros, máis un peto de ánimas con cruz e esmoleiro chamado O Cristo da Nuca. Atopámolo no muro de peche do eido de Nuca, na subida ao barrio da Quintana. Na contorna da Igrexa sitúanse tres: o do Cristo de Arriba e o do Adro. Estes datan do ano 1770 e mandounos facer D. Diego de Araújo, señor de

Reboreda. O do Cristo de Abaixo, do século XIX, mandouno facer D. Juan Manuel Pereira de Castro, último señor de Reboreda, como así consta no seu testamento.

Dentro do cemiterio parroquial temos outro cruceiro pero pensamos que ese non sería o seu emprazamento orixinal, senón que debería estar situado no cemiterio vello que data do ano 1945. Con probabilidade o capitel e a cruz son anteriores e deberon pertencer a outro cruceiro máis antigo.

No barrio de Santo Paio de Arriba, no cruce do camiño que leva á capela do santo que dá nome ao barrio, atópase o Cruceiro do Santo, onde apareceu a figura de Santo Paio segundo conta a lenda. É un cruceiro tosco e desproporcionado, feito por un canteiro da parroquia. A figura do Cristo estaba pensada para ser posta no "Cruceiro da Carretera".

Outro cruceiro digno de mención é o cruceiro de Pousadouro ou das Mercedes. Está situado na ronda que hai diante da porta de entrada ao pazo. Este cruceiro foi debuxado por Castelao no seu libro As cruces de pedra na Galiza. Dos cruceiros que restan, somentes se conservan certos elementos coma os

Cruceiro do Pousadouro

fustes e os basamentos: o cuceiro das Rendeiras, o da Miñoteira e o cruceiro de ánimas da Carambola. Este ultimo está completamente perdido e somentes queda coma testemuña del a base.

Despois desta intromisión dos cruceiros na nosa escrita, voltemos ás músicas de auga que deixa o Alvedosa no seu correr por esta terra. O seguinte lugar de visita, case obrigada, no barrio de Santo Paio de Abaixo e preto da ponte do ferrocarril, é a fervenza da Freixa ou Feixa. Aquí o río salva un desnivel duns quince metros. Neste salto de auga habilitouse unha pasarela con escada de madeira para poder ascender e pararse a escoitar as músicas de auga ao mesmo tempo que podemos contemplar o Muíño Vello, que foi un dos primeiros en transformarse en tapería.

Deixamos xa as marxes do río e as súas músicas para adentrarnos en espazos pétreos e naturais. Ollamos o monte Buxel. Nel contamos cunha área recreativa (Chan da Costa), dende onde temos unha vistas extraordinarias da Ría de Redondela e da Illa de San Simón. Neste espazo natural, en contacto directo coa natureza, dispomos de mesas de pedra, unha pedra lareira e unha fonte. Todo convida a tomar un petisco.

Na ladeira do monte Buxel atopamos dous barrios da parroquia: A Quintana e Santo Paio de Arriba. Na Quintana temos uns dos lugares máis emblemáticos de Reboreda: “O Prado”. Trátase dun anfiteatro natural no cal hai anos se soñou e proxectou un auditorio ao ar libre e que hoxe dorme esquecido en planos de papel nalgún caixón do Concello de Redondela ou da Deputación de Pontevedra. Atopámolo baixando do lugar da “Garonda” e moi preto do torreiro da festa.

Se entramos no prado polo camiño da Garonda daremos conta do Carballo das Cen Pólas, signo e símbolo de Reboreda. Esta árbore está na base da etimoloxía que dá nome á parroquia. Ao pé deste carballo almorzaron xuntos unhas sardiñas asadas o presidente da República D. Emilio Castelar, que se saltou o protocolo xa que as comeu coas mans, e D. Juan Manuel Pereira de Castro, tamén coñecido como O Señorito da Reboraina grazas á noveliña que sobre el escribiu D. Ramón Otero Pedrayo.

Carballo das Cen Pólas

Se decidimos entrar no prado polo torreiro da festa, cabo do Cruceiro de Arriba, quedaremos impresionados contemplando unha sobreira de centos de anos que alí se mantén viva como testemuña doutros tempos.

Hoxe case ninguén visita o prado como se facía no século pasado. Era tradición comer nel nos días da festa da patroa o 15 de agosto. Xentes de todas as parroquias da contorna chegaban cos cestos de comida e garrafóns de viño e ían collendo sitio para a hora de xantar.

Somentes nos resta falar de Santo Paio, cos lindes de barrios que temos hoxe. Nel temos que destacar as dúas construcións relixiosas da parroquia. Unha é a Igrexa parroquial, en Santo Paio de Abaixo, que ten como patroa á Nosa Señora da Asunción. A Igrexa foi mandada facer por D. Diego de Araújo Ozores no ano 1743. Santiago de Pazos foi o mestre canteiro que reedificou a capela maior da Igrexa. Con toda probabilidade esta igrexa ergueuse sobre os cimentos dunha antiga capela de servizo ao Pazo de Reboreda.

A parroquia era de patronato lego; é dicir, os "Señores" tiñan dereito de presentación do párroco que case sempre recaía nalgún familiar. A

construción é de estilo barroco e ten planta de cruz latina. No seu interior conta con cinco retablos do mesmo estilo. O retablo maior foi feito por D. Antonio del Villar, mestre ebanista da parroquia de Vilavella que conta con outras obras importantes na catedral de Tui e na Colexiata de Baiona.

Unido á Igrexa por un pequeno pasadizo elevado e formando un fermoso conxunto con ela está o Pazo de Reboreda que data de finais do século XVII, mandado facer por García Prego de Montaos. Neste pazo naceu e viviu D. Juan Manuel Pereira de Castro, Señor de Reboreda, deputado en Cortes, amigo do xeneral Prim e embaixador na China. A partir da vida deste home liberal e progresista, Otero Pedrayo escribe a novela O señorito da Reboraina. Non debemos esquecer que o primeiro morto que viu en vida D. Ramón foi o do "Señorito". Don Ramón ofrece unha visión literaria deste personaxe que oscurece en parte quen foi D. Juan Manuel en vida.

Pazo de Reboreda

En Santo Paio de Arriba, preto do Cruceiro do Santo, está situada a Capela de Santo Paio. Esta capela data de finais do século XIX e foi mandada facer polo Dr. D. Pedro Couñago Couñago para devoción da súa nai. Pedro Couñago é outro personaxe digno de mención na vida da parroquia. Estudou dereito na Universidade de Santiago, foi bibliotecario, secretario e reitor da dita universidade. Xuíz en Tabeirós e logo xuíz en Pontecaldelas. Casou cunha irmán de D. Juan Manuel. Despois da morte da súa muller ordénase crego e é presentado como párroco de Reboreda polo seu cuñado.

Nesta pequena andaina quédanos por sinalar tres construcións que merecen o seu lugar neste caderno.

Dúas están encravadas no barrio de Asnelle de Abaixo: o Pazo do Pousadouro e o Pazo de Torres de Agrelo. Outra en Asnelle de Arriba, a Pazo dos Táboas. Este último data do século XVIII e era propiedade de D. Balthasar de Táboas, grande inquisidor de Sevilla, que logo pasou a ser propiedade de D. Manuel Táboas, home con barcos no mar. Participa activamente na Reconquista de Vigo contra os franceses. É nomeado polo Rei vicecónsul de Cerdeña, establece tamén contactos comerciais con Rusia e é incluso un enlace comercial cos Estados Unidos.

O pazo de Torres de Agrelo data de 1750. Nun inicio foi convento de frades franciscanos, aínda que non hai documentos que proben que o edificio actual abrigara ese destino. Si se sabe que os frades franciscanos saíran da Illa de San Simón polos continuos ataques dos piratas ingleses e establecéronse en Agrelo. Foi posteriormente residencia do xeneral Leoncio Rubín a mediados do século XIX. Logo é mercado polo indiano D. Concepto López, home filántropo, iniciador e

impulsor da rede de tranvías en Vigo. Hoxe o pazo é un espazo para a celebración de distintos eventos sociais e ofrece a posibilidade de pernoctar nel.

O Pazo do Pousadouro data do ano 1740. Foi mandado facer por Francisco Marcó del Pont, militar galego e gobernador da Coroa de España en Chile. En 1834 foi posto a venda e mercouno o avogado D. Fermín Alfaya. Posteriormente, xa no século XX, cómprao D. Enrique Lorenzo. Recentemente voltouse vender. Este pazo posúe unha planta típica do pazo galego en forma de "L". Todos eles están brasonados e contan con capela propia.

Meu querido lector ou lectora: até aquí chegou a nosa camiñada. Sei que foi un pouco a correr e non sei se fun quen de espertar ese gusto por animarte a visitar estes lugares. Pero paga a pena que os vexas directamente e que os desfrutes. Que non só cho conten.

Reprodución do cadro de Ángel Barros
empregado na capa deste libro.